


# PLAN LECTOR DESDE UNHA PERSPECTIVA MATEMÁTICA

## VIII Xornadas de Bibliotecas Escolares

## 2 de decembro de 2017

Bibliotecas escolares de Galicia

# Vai de retos!



**Reto 1:** Resolución dun problema matemático.




**Reto 2:** Fomentar a lectura, a escritura e as habilidades informativas, así como procurar a adquisición das competencias claves do noso alumnado.

# Máis similitudes!

Non hai fórmulas máxicas que nos conduzan á súa resolución.

Resolver estes retos é, en gran medida, unha cuestión de habilidade que se adquire mediante a imitación e a práctica.

As catro estapas esenciais para a resolución de problemas propostas por George Pólya son extrapolables ao reto que nos compete.

# Fase 1: Comprender o problema (de vital importancia)



## Reto 1:

- Que datos se coñecen do problema?
- Sobre que elementos hai que estudar e profundar máis?
- Que se nos pide e/ou buscamos?




## Reto 2:

- Análise da situación de partida a nivel de lectura, lectura comprensiva, educación documental, recursos humanos e materias.
- Establecer obxectivos.
- Aspectos fundamentais incluídos no PLC.

# Fase 2: Trazar un plan



**Reto1**

- Xerar camiños diversos, flexibles.
- Escoller estratexia ou estratexias a seguir para resolver o problema: ensaio/erro; identificar submetas; resolver un problema equivalente,…

**Reto 2**




- PLC: documento a medio prazo, flexible, consensuado, contextualizado. Elaborado por todo o profesorado baixo a coordinación da biblioteca.
- PAL: concreción do PLC para un curso.

# Elaboración do
# Proxecto Anual de Lectura (PAL)



# Biblioteca




A Biblioteca como coordinadora:

- ❑Propón un tema.
- ❑Deseña as liñas de actuación da propia biblioteca.
- ❑Recolle as propostas do club de lectura, dos departamentos e de EDNL.
- ❑Redacta o PAL.

# Fase 3: Poñer en práctica o plan




Intentar implementar a estratexia escollida ata obter o que buscabamos ou ata que as accións te leven por outro camiño.

En todo momento preguntarse que e para que.

Buscar que sexa unha aprendizaxe significativa.

# Poñer en práctica o PAL

# Poñer en práctica o PAL



# Traballo en equipo

- Equipo de Biblioteca: cando menos 10 departamentos están representados.
- Reunións abertas a todo o profesorado.
- O alumnado tamén fai as súas achegas.
- Coordinación continua entre Vicedirección, EDNL e Biblioteca.
- Colaboración con Orientación e TIC.
- Apoio a calquera proxecto que se leve a cabo no centro e viceversa.
- Dinámica creada no centro de proxectos e actividades.

# Ferramentas

- Aula abalar
- Ferramentas google: drive, gmail, blogger, maps, youtube… **permiten o traballo colaborativo entre o profesorado, e profesorado e alumnado.**
- Falamelide (emisora de radio)



# Fase 4: Comprobar os resultados



**Reto 1**

Comparar co contexto o resultado obtido e a súa diferenza coa realidade que se pretende resolver.

**Reto 2**




**Avaliación dos resultados por métodos directos.**

**Reunións periódicas de Biblioteca para a valoración das actividades realizadas.**

**Balance das actividades realizadas nas memorias de Biblioteca, Club de Lectura, Departamentos, EDNL e PAL**

# Exemplos

**Estratexias**

- Traballos monográficos
- Concursos
- Conmemoracións
- Aniversarios
- Teatro, radio ou curtas
- Club de lectura
- Taboleiros ou espazos de expresión sobre temas de actualidade…

**Organización**

- Modo Rally Matemático.

Concurso matemático para 3º e 4º ESO.

Resolución de 5 problemas.

Participación por clases.

Repartición do traballo entre os membros do grupo.

Os membros do grupo compleméntase.

# Traballos monográficos:
## Interculturalidade

Obxectivos:

- Favorecer a integración do alumnado inmigrante.
- Fomentar o coñecemento doutras culturas para lograr o respecto polo diferente.



# Traballos monográficos:
## Interculturalidade

Mapa cos países de procedencia dos alumnos/as.
Elaboración da presentación do país ou etnia de cada alumno/a.
Exposición das presentacións.
Gastronomía
Exposición de obxectos.
Exposición de libros, obxectos e haikus da cultura xaponesa.
Exposición de contos do mundo.










# Traballos monográficos:
## Anónim@s

Obxectivos:

Visibilizar e dar a coñecer a cultura de autor anónimo ou pouco coñecido, en especial as autoras , as mulleres que quedaron nas marxes da Historia pola súa condición feminina.

Poñer en valor a cultura popular e outorgarlle o recoñecemento que lles corresponde a aqueles homes e mulleres que dende a súa condición de pequenos protagonistas forman parte do noso legado cultural e histórico.



# Traballos monográficos:
## Anónim@s

Proxecto interdisciplinar
Exposicións
Cuestionarios
Charlas
Proxección de documental
Lecturas














http://biblomelide.blogspot.com.es/2017/11/quincena-da-memoria-historica.html

# Conmemoracións:
## Día da Filosofía

Filocafé nas aulas.
Ilustración de citas filosóficas.
Teatro: A Academia de Platón.
Anuncios de filosofía.
Actividades deste ano














# Tema de actualidade:

## Refuxiados

Debate «Os refuxiados sirios»

«Sigue as súas pegadas. Ponte na súa pel»







# Conmemoración:
## Día da Ciencia en Galego

Observación de Estrelas

Charla «Viaxe a Antártida»

Exhibición de experimentos

Gravación do programa da RTVG «Efervescencia» desde a emisora do centro








# Concursos:

## Microrrelatos, epitafios, chíos.

Obxectivo:

- Perder o medo a escritura con textos breves.
- Concurso cun tema determinado: violencia de xénero, amor, medo, epitafios, …











# Traballos monográficos:
## xogos de pistas











# Teatro:
## Teiroa Teatro, Artes Escénicas, outros.

Traballo integrado en proxectos interdisciplinares.






«Samaín» (A.E 4º ESO)



Día das letras (Teiroa Teatro e Artes Escénicas)






«50 aniversario do centro» ( 2º ESO)

# Radio

FALAMELIDE, a radio natural, emitindo desde 1993. Potenciación da lecto-escritura e creatividade: elaboración de guión, lectura e dramatización. Traballo interdisciplinar.



# Audiovisuais:
## curtas, documentais, anuncios, …

Potenciación da lecto-escritura, da creatividade e do coñecemento e utilización dos recursos das linguaxes audiovisuais.







# Club de lectura







- Obxectivos: ler e compartir.
- Diferentes clubs: Benxamín, Xuvenil e de adultos, Bookbusters (de inglés)
- Reunións quincenais ou mensuais.
- Saídas, encontros con outros clubs de lectura, visita a bibliotecas, charlas con autores, conmemoracións…

# Club de lectura:
## colaboración con  bibliotecas e radio Melide











http://papalibros.blogspot.com.es/

# Taboleiros ou espazos de expresión sobre temas de actualidade

Potenciar a lectura da prensa
Fomentar as habilidades investigadoras do alumnado no labor da selección crítica da información.
Fomentar a expresión da súa opinión.












# E para finalizar.... dúas cousas

# A clave en todo este proceso está en que ….

A Biblioteca Xaquín Yebra é un proxecto de moit@s.



**Regras de descubrimento:**

« A primeira desta regras é ser intelixente e ter sorte. A segunda é sentar ben teso/a e esperar a ocorrencia dunha idea brillante [...]. Regras infalibles que permitisen resolver todo problema de matemáticas serían con toda seguridade preferibles á pedra filosofal tan buscada en van polos alquimistas. Tales regras procederían da maxia, e non hai maxia. Atopar regras infalibles aplicables a todo tipo de problemas é un vello soño filosófico sen ningunha posibilidade de realizarse»

George Pólya

# GRAZAS POLA VOSA ATENCIÓN

Biblioteca Xaquín Yebra (IES Melide)
http://biblomelide.blogspot.com.es/

# Aniversarios:
## « 150 anos de Alicia no país das marabillas»

Proxecto interdisciplinar.
Teiroa Teatro
@Recortados
CPM (Consorcio para Promoción da Música do IES de Melide)

Celebración do «Non aniversario da Biblioteca Xaquín Yebra»

Presentación «Soñando con Alicia outros mundos» do alumnado de Literatura Universal



# Conmemoración:

## Día do libro
















# Traballo monográfico + conmemoración

Homo Hábilis + Día do libro
Exposición das presentacións:
Alfabetos do mundo
Sistemas de numeración
A evolución da linguaxe musical
Obradoiro de encadernación
Obradoiro de escritura latina
Damos vidas ás historias









forodedebateiesmelide.weebly.com/#/20130605/a-democracia-actual-a-debate-2650990/

*albertomejuto said Jun 07, 2013*

O que se está a levar a cabo en España é a democracia indirecta esto quere dicir que nos eliximos uns representantes cada catro anos, enton o que nos estamos a reclamar e unha democracia directa, neste tipo de democracia as decisión lexislativas e executivas teríamos que sometelas a referéndum. Non habería ningún tipo de problema se a democracia fose directa, pero isto por desgraza non é así. Polo tanto temos que conformarnos con elexir a un representante cada catro anos, esa decisión pode non ser a correcta na maioria das veces xa que os políticos fannos ver o que nos queremos ver, prometennos o paraíso, pero despois resulta ser todo o contrario, polo tanto ¿de que maneira demostramos o noso desagrado? Está moi claro que a única maneira de mostralo e manifestándonos.

*Anarquía*

*naiaravazquezneira said Jun 07, 2013*

Alberto estou moi dacordo contigo , e por iso dicimos que a población non ten case consideración á hora de facer algo importante , e isto debería ser reflexionado e aprobado por todos , por iso e para iso vivimos nun país democrático.
Quizais agora cos problemas da crise vemos máis a actuación dos políticos en todo isto, e non por iso é xusto que milleiros de persoas queden sen traballo ,sen hogar , credes que se isto estivera na coinciencia e no poder do pobo isto acontecería ? Por suposto que non pasaría isto , buscaríamos milleiras de solucións para polo menos conseguir unha estabilidade do Estado.

*manuelvazquezmourazos said Jun 13, 2013*

Eu estou basándome no mellor con respecto á economía e á sociedade sobre todo,

*jessicavarela said Jun 13, 2013*

Eu penso que a mellor solución para España non sería un bipartito senon un goberno en minoría. Con un goberno que non tivese maioría ( absoluta) os politicos terían que contar máis coas opinions de todos os cidadáns e cidadás, teríannos máis en conta e polo tanto teríannos que deixar participar máis na politica

*jessika*

*jessicavarela said Jun 13, 2013*

Creo que o mellor sería un goberno en minoría porque así os representantes do goberno terían que contar moito máis cos cidadáns e cidadás, aínda que admito que é moi triste ter que recorrer a un goberno en minoría para que aos cidadáns nos fagan máis caso e se valoren as nosas opinións. Porque moito dicir que isto é unha democracia, que hay liberdade de exprsión pero só podes dicir que todo está ben e que o que faga o goberno é o mellor para todos, cando todo o mundo sabe que non é certo.

*[Last edited Jun 13, 2013]*

*jessika*

*naiaravazquezneira said Jun 14, 2013*

Póñovos a continuación ao enlace dunha noticia que está a favor dos escraches e outra que está en contra .

http://www.eldiario.es/temas/escraches/